

## BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE INSCRICIÓNS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS PARA ADULTOS PARA A TEMPADA 2025-26.

### 1. OBXECTO DE APLICACIÓN.

Convocatoria pública pola que se ofertan prazas para as actividades deportivas das Escolas Deportivas Municipais (EDM) de persoas adultas para a tempada 2025-2026. As publicacións relativas a esta convocatoria faranse públicas na páxina web municipal. Poderase obter máis información nos teléfonos de información 680913904 ou 982124002.

### 2. PERSOAS DESTINATARIAS.

Poderán inscribirse as persoas nadas no 2009 en diante. As persoas menores de idade poderán asistir con autorización previa dos representantes legais.

### 3. CALENDARIO.

As actividades deportivas darán comezo o **01 de outubro do 2025** e rematarán o **28 de maio do 2026**, agás a actividade de Baile que rematará o 30 de xuño do 2026. Non se impartirá actividade cando os días das clases coincidan en días non laborais por mor das festividadeas declaradas a nivel nacional, autonómica ou local, non sendo recuperables noutros días.

### 4. OFERTA DEPORTIVA.

Nesta tempada ofértanse clases de Ximnasia, loga suave e vivo, Pilates, Espalda saudable, Zumba e Baile para distintos niveis. As clases terán unha duración de 60 minutos e as localidades nas que se impartirán serán San Cosme (SC) e San Miguel de Reinante (SM).

#### 4.1. Horario, grupos e prazas ofertadas.

Na táboa seguinte preséntase os 15 grupos ofertados, o horario dos mesmo e as prazas máximas e as mínimas esixidas por mes. De non adxudicar o número mínimo de prazas esixidas en cada grupo este non se ofertará, e no caso de que este requisito non se cumpra nalgún mes ao longo da tempada o Concello poderá suspender a oferta do grupo.

ACTIVIDADE	GRUPO	LOCALIDADE	DÍAS E HORA	DURACIÓN	Máx. prazas	Mín. Prazas
XIMNASIA	A	SC	Luns, 17:00	Outubro a Maio	16	5
	B	SC	Mércores, 17:00	Outubro a Maio	16	5
	C	SM	Luns, 10:30	Outubro a Maio	16	5
	D	SM	Mércores, 10:30	Outubro a Maio	16	5
PILATES	A	SC	Xoves, 18:30	Outubro a Maio	12	5
	B	SM	Martes 10:30	Outubro a Maio	12	5
IOGA SUAVE	A	SC	Luns, 18:15	Outubro a Maio	16	5
	B	SM	Xoves, 12:00	Outubro a Maio	16	5
IOGA VIVO	A	SC	Mércores, 20:00	Outubro a Maio	16	5
ESPALDA SAUDABLE	A	SC	Xoves, 20:00	Outubro a Maio	16	5
	B	SM	Xoves, 17:00	Outubro a Maio	16	5
ZUMBA	A	SC	Martes, 20:00	Outubro a Maio	16	5
BAILE	A	SC	Mércores, 19:00	Outubro a Xuño	22	10
	B	SM	Mércores, 17:00	Outubro a Xuño	24	10

Atendendo á demanda solicitada o Concello podería valorar o desdobre dalgún grupo das actividades sempre que polo menos se cumpran cos mínimos esixidos.

## **5. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN.**

### **5.1. Documentación a presentar.**

Para inscribirse nas actividades deportivas as persoas terán que presentar mediante rexistro de entrada o formulario de **solicitude de reserva de praza** (*Anexo I*) e, no caso de serlle adxudicada praza a seguinte documentación:

- **Anexo II:** Solicitude de domiciliación de tributos periódicos.
- **Xustificante de pago da primeira mensuralidade.**
- **Certificado de titularidade bancaria** da conta de cargo dos recibos.

Para a presentación presencial de documentos o lugar é a Oficina de Rexistro do Concello, e para as solicitudes en liña a Sede electrónica municipal. Non se terán en conta aquelas solicitudes que cheguen por outras vías ou as que se presenten sen ser no modelo oficial facilitado.

### **5.2. Adxudicación das prazas ofertadas**

Adxudicaranse as prazas ofertadas por orde rigorosa de presentación do Anexo I no rexistro de entrada presencial ou en liña. Antes de iniciar unha presentación en liña, a persoa interesada terá que consultar co persoal da oficina de rexistro do Concello a dispoñibilidade de prazas libres nas actividades de interese, se fose o caso de ter praza, terá ata as 15:00h do mesmo día para facer o trámite de presentación acorde ás instrucións indicadas polo persoal da oficina pola contra perderase o dereito á reserva de praza.

A consolidación da praza será efectiva cando toda a documentación relativa ó pago (xustificante pago primeira mensuralidade, anexo II e certificado de conta bancaria) sexa presentada en prazo, de non presentarse perderase o dereito á praza adxudicada. Os prazos para presentar esta documentación adicional son:

- Para prazas adxudicadas no mes de setembro: ata o día 30 de setembro de 2026 ás 15:00 h.
- Para prazas adxudicadas despois da data de inicio da actividade: no momento da inscrición.

### **5.3. Atribución de prazas en lista de agarda e chamamentos.**

Adxudicadas todas as prazas ofertada, poderanse presentar solicitudes de reserva de praza (Anexo I) nas listas de agarda dos grupos ofertados, ditas prazas serán atribuídas por orde rigorosa de presentación.

Farase chamamento telefónico único pola orde rigorosa da lista de agarda, cando unha praza ofertada quede baleira. No caso de aceptar a praza, a persoa terá que presentar mediante rexistro toda documentación requirida ante das 15:00h do día laboral seguinte.

### **5.4. Prazos para presentar as solicitudes de reserva de prazas.**

Os prazos para a presentación das solicitudes de reserva de praza.

- **1º PRAZO (PERSONAS EMPADRONADAS):** Dende o día da publicación destas bases **ata o venres 19 de setembro as 15:00h.**
- **2º PRAZO (ACCESO LIBRE):** a partir das 8:30h. do luns 22 de setembro.

## 6. TAXAS.

### 6.1. Tarifas das actividades.

CLASES	EMPADROADO/A	NON EMPADROADO/A
1 clase á semana	15€/mes	20€/mes
Cada clase a maiores	10€/mes	15€/mes

### 6.2. Os pagos.

O **pago da primeira mensuralidade farase** mediante o abono no número de conta municipal ES55 2080 0142 9031 1000 0019 de ABANCA especificando no CONCEPTO: Nome das actividades + mes e ano do pago + DNI da persoa inscrita.

As contías a ingresar en concepto de cotas mensuais posteriores faranse a través de domiciliación bancaria debidamente autorizada pola persoa usuaria no anexo II, facéndose efectivas entre o día 1 e 7 de cada mes. Calquera **cambio na conta bancaria** deberá ser comunicado antes da emisión da seguinte remesa de recibos, **antes do día 20 do mes anterior.**

De existir algún problema con algún recibo (cambio de conta bancaria non comunicado, devolución de recibo non xustificado, impago por descuberto, etc) o Concello tamén reclamará á persoa interesada o pago das comisións bancarias que o banco cobre por dita devolución de recibos.

O impago de dúas mensuralidades consecutivas suporá a baixa de oficio na actividade correspondente.

## 7. COMUNICACIÓN DE BAIXAS.

Cando unha persoa desexe cursar baixa nalgunha das actividades nas que está inscrita, deberá presentar a súa solicitude de baixa **por escrito no Rexistro do Concello** ou a través da Sede Electrónica do Concello **antes do 20 do mes natural anterior aos efectos da baixa.** A baixa terá efectos no mes natural seguinte á comunicación da baixa presentada, isto suporá a suspensión dos cargos bancarios correspondentes a partir do mes natural seguinte á data de comunicación.

As baixas que non se comuniquen por estas vías non terán efecto e seguirán cobrándose os recibos correspondentes. Non se realizarán devolucíons parciais de mensuralidades.